



Atención á diversidade

Atención á diversidade

Introdución

A diversidade é unha realidade social e como tal tamén se dá no teu centro educativo, polo que tanto ti coma os teus compañeiros e compañeiras sodes todos diferentes. E, para atender educativamente esa diversidade e garantir a inclusión de todos é necesario dar resposta as diferentes características, potencialidades, motivacións, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe.

Que profesionais atenden esta diversidade no teu centro?

- O teu profesorado.
- O profesorado especialista en pedagogía terapéutica (PT) e audición e linguaxe (AL).
- O persoal coidador.
- O orientador ou orientadora
- O equipo directivo

E ti, como podes contribuír na atención á diversidade dos teus compañeiros e compañeiras?

- Acolléndoos cando chegan novos ao centro.
- Axudándolles nas tarefas escolares.
- Incluíndoos no teu grupo de amigos co que compartes estudo e ocio.
- Respectando e valorando as súas diferenzas.

Quen é o alumnado con necesidade específica de apoio educativo?

- É o alumnado que presenta algunha das seguintes características:
- Necesidades educativas especiais, por ter algunha discapacidade ou presentar algún trastorno grave de conduta.
 - Dificultades específicas da aprendizaxe, nas áreas de lectura, escritura, cálculo...
 - Altas capacidades intelectuais.
 - Incorporación tardía o sistema educativo, por proceder do estranxeiro ou outras causas.
 - Necesidades específicas por condicións persoais ou de historia escolar.

Cómo sabemos cando un alumno ou alumna forma parte dunha destas diversidades?

O orientador do centro recolle toda a información importante aportado polos profesionais do centro e a familia do alumno ou alumna e realiza unha avaliación da súa situación (potencialidades, dificultades...). Todo este proceso chámase avaliación psicopedagóxica e os resultados conforman o informe psicopedagóxico que nos facilita como prestar a atención educativa máis adecuada a cada caso.

Coñeces algunhas das diferentes medidas educativas para a atención á diversidade?

Existen moitas medidas ou formas de atender a diversidade do alumnado no centro. Algunhas destas son:

- Reforzos educativos.
- Desdoblamento de grupos.
- Programas de recuperación.
- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado de PT e AL.
- Programas de Diversificación Curricular (PDC)
- Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI).
- Outras.

Se ti, nun determinado momento tes algunha dificultade e necesitas axuda, sabes onde dirixirte no teu centro?

- Ao teu profesor/a titor/a.
- Ao orientador ou á orientadora do centro.

Máis información

- No Departamento de Orientación do teu centro.
- No espazo web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion